



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE MAYO 2007



1.- Resumo

Mes moi variable, con bruscos cambios de temperatura e treboadas intensas

O mes de maio foi extremadamente variable en Galicia con transicións rápidas entre situacións anticiclónicas de calor e borrascas con aire frío. Isto da lugar a que en xeral as medias, tanto de temperatura como de chuvia non se aparten demasiado das normais para esta época do ano, entendendo como normais as medias dos 30 anos anteriores. Así, o mes comezou baixo a influencia da mesma borrasca coa que rematara o mes de abril, deixando dúas xornadas de nubes, chuvias e temperaturas baixas. A continuación as altas presións se instalaron sobre Galicia, deixando ata o día 9 un tempo seco, soleado con temperaturas que cara ó final do episodio superaron os 30°C. Entre o día 9 e o 10 tivo lugar unha das dúas transicións bruscas que tivemos este mes. Así o día 10 as temperaturas case que non superaron os 20°C, de xeito que a caída nos valores diúrnos foi notable. Este episodio de borrasca estendeuse ata o día 15. Entre o 16 e o 20 rexístrase unha nova xeira anticiclónica, cunha nova transición brusca o día 21. A partir dese momento comezou unha semana caracterizada polas tormentas vespertinas, que foron particularmente intensas no sur de Galicia. Unha vez rematado este episodio treboento ocasionado pola presenza dunha bolsa de aire frío en altura, os derradeiros días do mes Galicia estivo novamente baixo a influencia de baixas presións atlánticas con nubes, chuvias intermitentes e temperaturas baixas para a época do ano.

Precipitación: As chuvias estiveron en xeral lixeiramente por debaixo do normal, comparando cos valores agardados neste mes, aínda que en puntos concretos de Galicia, debido a intensidade das treboadas da cuarta semana do mes, as chuvias estiveron incluso por riba do agardado. Así en Ourense capital as chuvias acumuladas estiveron incluso por riba do dobre do normal, tal como se pode apreciar nas seguintes táboas.

Temperaturas: As temperaturas foron en tódalas estacións principais de Galicia normais en canto a media, aínda que como vimos de describir no apartado anterior a variabilidade para chegar a esa media foi realmente extrema.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	MAYO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.8	14.6	17.0 (1989)	12.1 (1984)
T ^a mínima media	11.9	11.5	13.8 (1989)	9.9 (1983;1984)
T ^a mínima absoluta	8.5(día 1)	4.6 (2/5/1977)		
T ^a máxima media	17.8	17.6	20.2 (1989)	14.4 (1984)
T ^a máxima absoluta	25.7(día 24)	30.6 (13/05/1992)		
Precipitación acumulada	83	64-88	173 (1997)	9 (1976)

Comentario:

Temperaturas moi semellantes aos valores climáticos agardados. A precipitación tamén se encontra dentro do rango normal.



SANTIAGO

	MAYO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.8	14.5	17.9 (1989)	10.7 (1984)
Tª mínima media	10.2	9.8	12.1 (1989)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	6.0 (día 15)	1.8 (06/5/1982)		
Tª máxima media	18.0	19.3	23.6 (1989)	14.6 (1984)
Tª máxima absoluta	26.3 (día 9)	34.0 (29/5/2001)		
Precipitación acumulada	108	121-147	290 (1997)	4 (1987)

Comentario:

As temperaturas poden considerarse normais. A temperatura máxima media é un grado inferior pero entra tamén dentro do rango normal de valores para este mes.

En canto a precipitación, o mes pódese considerar seco, xa que se encontra por debaixo do rango de valores normais para este mes.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	MAYO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.2	13.3	16.8 (2000)	9.6 (1984)
Tª mínima media	8.2	8.2	11.3 (2000)	5.9 (2002)
Tª mínima absoluta	3.2 (día 15)	-2.0 (06/5/1982)		
Tª máxima media	18.6	18.4	22.5 (1976)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	28.5 (día 9)	36.0 (15/5/1979)		
Precipitación acumulada	53	69-99	193 (1997)	7 (1976)

Comentario:

Temperaturas moi semellantes aos valores climáticos. O mes pode considerarse normal.

En canto a precipitación, o mes pódese considerar seco, xa que se encontra por debaixo do rango de valores normais para este mes.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAYO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.7	14.9	17.3 (1989)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.4	9.8	12.0 (1989)	7.2 (1984)
Tª mínima absoluta	6.1 (día 15)	0.4 (06/5/1982)		
Tª máxima media	21	20.1	23.3 (1991)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	31.1 (día 17)	33.5 (16/5/1992)		
Precipitación acumulada	87	115-130	345 (1983)	6 (1987)

Comentario:

As temperaturas superan lixeiramente o rango de valores normais polo que o mes pode considerarse cálido.

En canto a precipitación, o mes pódese considerar seco, xa que se encontra por debaixo do rango de valores normais para este mes.

OURENSE

	MAYO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.9	15.8	18.5 (1989)	12.0 (1984)
Tª mínima media	10.7	9.1	11.3 (2000)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	5.6 (día 15)	-0.4 (06/5/1982)		
Tª máxima media	21.6	22.4	26.2 (1989)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	31.0 (día 9)	37.4 (29/5/2001)		
Precipitación acumulada	137	54-76	148 (1993)	0 (1976)

Comentario:

As temperaturas medias e máximas poden considerarse normais, mentres que as mínimas poden considerarse cálidas, xa que saen do rango de valores normais para este mes


Destaca especialmente a precipitación rexistrada, xa que o mes pode considerarse moi húmido, a diferenza do acontecido nas restantes estacións amosadas nas táboas e mesmo destacando como un dos puntos máis chuviosos de Galicia (ver mapa)



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.
Mes Mayo 2007**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Mayo 2007.**






3.3.- Temperatura media das máximas



www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

